



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 15 DE XANEIRO DE 2009,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Decreto polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do concello de Pontearreas á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 1.265 m<sup>2</sup>, feita a título gratuito polo concello de Vilarmaior (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a *Fundación Galicia Innova* para o desenvolvemento do *Programa ALTERNATIVA* para o ano 2009

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o modelo de manual de instrucións para os membros das mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 1 de marzo de 2009
- Informe sobre o desenvolvemento da administración electrónica



## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre o balance de actuacións do Servizo de Gardacostas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos no ano 2008



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA O FUNCIONAMENTO DOS PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR

- *O novo decreto establece os obxectivos e principios de actuación destes centros, 7 en Galicia, así como os tipos de intervención que deben desenvolver*
- *Os puntos de encontro familiar puxéronse en marcha no ano 2000 como espazos axeitados para facilitar a relación entre pais e fillos en casos de conflito familiar*
- *Poderán ser usuarios deste servizo os membros das familias nas que exista algún tipo de problema relacionado co cumprimento do réxime de visitas dos fillos, sempre que unha resolución xudicial ou administrativa estableza a necesidade deste servizo*
- *Estes puntos procuran, como obxectivo final, o benestar dos menores e buscan a normalización das relacións familiares conflitivas*

O Consello da Xunta aprobou, na súa xuntanza desta mañá, o proxecto de decreto polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. Estes puntos, postos en marcha no ano 2000, concíbense como espazos axeitados para facilitar a relación entre pais/nais e fillos e fillas no caso de existir situacións de conflito familiar. Na actualidade funcionan un total de 7 puntos de encontro familiar en Galicia, nas sete principais cidades galegas.

O proxecto de decreto aprobado hoxe busca regular o funcionamento dos puntos de encontro para que desenvolvan a súa actividade como equipamentos sociais, de carácter neutral e especializados para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente. O obxectivo destes centros é garantir a relación entre os menores e as súas familias cando en situacións de separación, divorcio ou noutros supostos, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou resulta difícil ou conflitivo.

Así, no documento fíxanse os obxectivos dos puntos de encontro familiar, os tipos de intervención que realizan e os seus principios de actuación e os dereitos e deberes das persoas usuarias deste servizo, entre outros aspectos.

### **Obxectivos e usuarios**

Neste novo regulamento establécense os obxectivos dos puntos de encontro familiar que pasan sempre polo cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e apostan por acadar a normalización das relacións familiares, facendo que este servizo deixe de ser preciso. Para isto, nestes espazos facilitaráselles ás familias atención e asesoramento profesional para mellorar estas relacións e superar as situacións de conflito familiar, sempre pensando no benestar dos menores.



Segundo se establece no proxecto de decreto, aprobado no Consello da Xunta de hoxe, poderán ser usuarios deste servizo os membros das familias nas que exista algún tipo de problema relacionado co cumprimento do réxime de visitas dos fillos, sempre que unha resolución xudicial ou administrativa estableza a necesidade deste servizo. Tamén poden ser persoas usuarias dos puntos de encontro familiar os membros das familias nas que existan situacións de violencia que supoñan risco para calquera dos seus membros durante o cumprimento do réxime de visitas.

### **Tipos de intervención**

O proxecto de decreto polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia fixa tamén os tipos de intervención que se desenvolverán nestes centros. Así, os dous principais servizos que se prestarán teñen que ver coa execución do réxime de visitas e con intervencións complementarias.

No relativo ao cumprimento do réxime de visitas, as intervencións poden ser visitas tuteladas, visitas sen supervisión ou intercambio de menores. Pola súa banda, as intervencións complementarias relaciónanse co deseño e desenvolvemento dun programa socioeducativo individualizado con cada familia, a orientación e asesoramento familiar e calquera outra actividade encamiñada a reducir as situacións de conflito e facer así posible unha relación o máis normalizada posible.



## O CONCELLO DE PONTEAREAS INCORPÓRASE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE GALICIA

- *A día de hoxe hai 36 concellos adheridos á axencia*
- *Este concello pontevedrés delega na axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo*
- *A APLU é un ente público consorciado ao que os concellos se incorporan de xeito voluntario*

O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e o Concello de Ponteareas (Pontevedra), para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo, de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral, polo que a día de hoxe hai un total de 36 concellos adheridos á axencia.

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, o Concello de Ponteareas delega na axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ás administracións municipais.

### **Funcións da APLU**

A APLU é un ente público consorciado do que forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. O seu cometido é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes



e a Federación Galega de Municipios e Provincias– recollen de xeito pormenorizado as súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na axencia deleguen na mesma.



## **O GOBERNO GALEGO SUFRAGARÁ O MANTEMENTO DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DO CONCELLO DE VILARMAIOR, LOGO DE QUE O CONSELLO DA XUNTA APROBASE HOXE A CESIÓN DA TITULARIDADE**

- *O Servizo Galego de Saúde está a investir máis de 620.000 euros na construción deste novo centro, de máis de 500 metros cadrados*
- *O centro de saúde de Vilarmaior disporá de dúas consultas de medicina xeral, unha de enfermaría e outra polivalente*

O Consello da Xunta de Galicia aceptou esta mañá a cesión gratuíta da titularidade dunha parcela por parte do Concello de Vilarmaior (A Coruña) para construír un centro de saúde, incluído no Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2007-2013 e no que o Servizo Galego de Saúde está a investir un total de 628.830,15 euros. Coa cesión da titularidade, será a Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, quen sufrague desde o principio o mantemento deste centro, de acordo co convenio marco para o desenvolvemento do pacto local no eido sanitario suscrito entre Sanidade e a Fegamp.

En concreto, o Concello cede ao Servizo Galego de Saúde unha parcela de 1.265 metros cadrados situada no lugar da Armada, na parroquia de Vilarmaior. Trátase dun terreo de forma triangular situado na mesma praza que outros edificios públicos como a Casa Consistorial ou o Xulgado de Paz, e que limita coa estrada municipal de Armada a Viaxe. Deste xeito, favorécese unha boa conexión rodada cos núcleos veciñais.

O centro disporá de máis de 500 metros cadrados destinados integramente á asistencia e substitúe ás actuais dependencias situadas nun baixo municipal. Os espazos deste novo centro contarán con dúas consultas de medicina xeral, unha de enfermaría e outra polivalente. Así mesmo, o novo centro disporá dunha sala para o desenvolvemento do programa da muller, así como de servizos complementarios como son a sala de espera, os aseos, a recepción, oficios limpo e sucio e arquivo.

Ademais, o novo centro de saúde estará plenamente informatizado, o que permitirá, entre outras cuestións, que os usuarios que así o precisen saian do centro de saúde coa súa cita co especialista. Tamén permitirá o acceso á historia clínica informatizada e a implantación descentralizada do control dos tratamentos anticoagulantes (Sintrom).

O futuro centro de saúde de Vilarmaior será o punto de referencia para case que 1.198 veciños con tarxeta sanitaria deste municipio coruñés, no que o 81 deles son menores de 15 anos, 730 teñen entre 15 e 64 anos, e 387 teñen máis de 64 anos.



Os recursos humanos en atención ordinaria neste concello fórmano un médico xeral e un ATS/DUE.





## A XUNTA FINANCIA CON 243.600 EUROS UN PROGRAMA QUE PERMITE A MENORES DE 28 ANOS DENUNCIADOS POR CONSUMIR DROGAS EN PÚBLICO, DESENVOLVER ACTIVIDADES PREVENTIVAS NO CANTO DE ABOAR UNHA SANCIÓN ECONÓMICA

- *A Sanidade pública galega financiará con 243.600 euros o desenvolvemento do programa Alternativa que levará a cabo a Fundación Galicia Innova*
- *Do importe total, 120.000 euros corresponden ao ano 2009 e 123.600 a 2010*
- *No ano 2008, un total de 132 persoas beneficiáronse deste programa, un 36 por cento máis que en 2007*
- *A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde consolidan así o seu compromiso coa prevención das drogodependencias, máis en concreto, no ámbito da poboación xuvenil, tal e como se recolle no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Galicia Innova* para o desenvolvemento do programa de prevención das drogodependencias *Alternativa*, dirixido aos mozos con denuncias por consumo e/ou posesión de drogas en lugares públicos. Nesta ocasión, o convenio será bienal, no canto de concertos anuais. No ano 2008 acolléronse a esta iniciativa 132 persoas.

En total, a Sanidade pública galega destinará 243.600 euros, dos que 120.000 se distribuirán durante 2009 en pagamentos trimestrais polo importe do gasto executado, e os 123.600 euros restantes, do mesmo xeito, no ano 2010.

Coa sinatura deste convenio a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde consolidan o seu compromiso coa prevención das drogodependencias, máis en concreto no ámbito da poboación xuvenil, tal e como se recolle no Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009. Froito deste compromiso, desde 2005 a 2008 triplicáronse en Galicia os investimentos en prevención de drogodependencia, ao pasar dunha achega de 1,7 millóns en 2005 a un investimento en 2008 de 4,6 millóns.

### **Programa *Alternativa***

O programa *Alternativa*, posto en marcha pola Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias do Servizo Galego de Saúde en colaboración coa Delegación e as catro subdelegacións do Goberno en Galicia, trátase dunha iniciativa que permite aos mozos menores de 28 anos denunciados por consumo ou posesión de drogas en lugares públicos optar voluntariamente á substitución da sanción económica polas actividades preventivas deseñadas.



Ao longo de 2008, 132 novas persoas acolléronse de forma voluntaria a este programa, o que supuxo un incremento de máis do 36 por cento con relación aos incluídos no ano anterior, existindo proxección de crecemento na mesma proporción para o período 2009-2010. A día de hoxe, máis de 230 mozos se beneficiaron desta iniciativa desde o seu comezo en 2005.

O programa baséase no desenvolvemento de sesións formativo-preventivas sobre diversas materias como poden ser os recursos de atención ás drogodependencias en Galicia; a lexislación estatal e autonómica en materia de drogas; os conceptos básicos sobre drogodependencias; a análise das causas da conduta de consumo; ou a definición e clasificación do proceso de toma de decisións e as consecuencias da nosa conduta. No curso abórdanse, así mesmo, as destrezas básicas de afrontamento, as habilidades para rexeitar ofertas de consumo, ademais do contexto de ocio e risco á hora de consumir.

Á marxe de ser unha alternativa á sanción, ten como finalidade aproveitar a oportunidade dada pola lexislación vixente para ofertar un tratamento preventivo en drogodependencias a aqueles mozos e mozas cuxo nivel de consumo lles estea xerando problemas, entre outros, legais. Así, acollerse á *Alternativa* inclúe someterse á valoración individual da problemática de consumo por parte de profesionais pertencentes á rede asistencial da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, ademais da asistencia obrigatoria ás sesións formativo - preventivas.

Na actualidade, as sesións formativas desenvólvense en oito cidades galegas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Vilagarcía de Arousa, aínda que a estas poden asistir mozos e mozas de toda Galicia.

Para todas as persoas que desexen ter máis información sobre o Programa Alternativa, o Servizo Galego de Saúde ten habilitado o teléfono 881.542.997, no que, en horario de 9 a 14,30 horas, lles serán aclaradas todas as dúbidas relacionadas con esta iniciativa.

A Fundación Galicia Innova é unha organización de interese galego e sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos promover accións de mellora da calidade dos servizos no ámbito da Educación, da Sanidade, dos Asuntos Sociais e o Turismo. Desde o ano 2005, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde veñen asinando convenios anuais con esta fundación para o desenvolvemento do Programa *Alternativa*.

Dada a especificidade técnica que require o devandito programa, así como as actuacións que desenvolve de programación, coordinación, execución e avaliación



das distintas accións que forman parte deste e a prioridade de darlle continuidade ao programa obxecto de convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2010.



## A XUNTA PORÁ Á DISPOSICIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS UN MANUAL SOBRE AS FUNCIÓNS QUE DEBERÁN DESEMPEÑAR NA XORNADA ELECTORAL

- *Segundo informou o conselleiro de Presidencia, este manual inclúe instrucións detalladas sobre cada unha das fases do día das eleccións, para que poidan realizar con eficacia o seu cometido*

O Consello da Xunta foi informado hoxe do modelo de manual para os membros das mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 1 de marzo de 2009. A Xunta Electoral central informará hoxe este documento e, tras a súa supervisión, deberá ser aprobado por acordo do Consello da Xunta antes da súa remisión aos destinatarios.

Este manual vai dirixido ás persoas que resulten designadas por sorteo para formar parte dunha mesa electoral nos vindeiros comicios, co fin de que se familiaricen co seu labor como membro dunha mesa, de xeito que poidan desempeñar con eficacia o seu cometido.

O primeiro punto do manual trata sobre as mesas electorais e os seus membros, e nel explícase por que se designan cidadáns como membros das mesas e como se fai a composición e funcións das mesas electorais, e os dereitos e obrigas dos membros das mesas.

Así mesmo, inclúese unha descrición detallada das distintas fases da xornada electoral desde as 8,00 h. ata o remate do escrutinio, con instrucións precisas e concretas do labor que deben desenvolver os membros da mesa.

A primeira fase é a constitución da mesa electoral (desde as 8,00h. que se celebra a reunión no local ata a extensión da acta de constitución da mesa electoral as 8,30h.). A segunda fase é a de votación (desde a apertura do colexio electoral as 9,00 ata a finalización da votación ás 20,00h). E por último, descríbese a fase de escrutinio (na que se realiza o escrutinio de votos, a extensión das actas de escrutinio e de sesión e a preparación da documentación),



## O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA É UNHA DAS PRIORIDADES DA XUNTA DE GALICIA

- *O Goberno galego xa dispón dunha innovadora plataforma tecnolóxica orientada a servizos (SOA) sobre a que desenvolverá a relación electrónica cidadanía-administración, dun xeito eficiente, estendendo o expediente electrónico na actividade administrativa*
- *Púxose en marcha o servizo de atención á cidadanía 012 que recibiu máis de 100.000 chamadas no primeiro ano de actividade*
- *Creouse o Comité de Seguridade dos sistemas de información como garante da evolución segura da Xunta no contexto tecnolóxico no que se atopan hoxe en día as organizacións*
- *Están en marcha dentro do Plan Mellora 24 proxectos onde se promoven novos hábitos de traballo, no marco da Lei de transparencia, cara a unha administración moderna*

O Consello da Xunta foi informado hoxe do desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia, unha das prioridades para o Goberno xa que supón unha ferramenta de mellora dos servizos públicos e da relación cos cidadáns e empresas.

Para iso, púxose en marcha o Plan eXunta baixo tres eixes estratéxicos encamiñados a mellorar a eficacia e eficiencia dos servizos públicos e para a apertura de novas canles de participación:

- **Infraestruturas para a e-Administración:** A Xunta debía contar con sistemas e tecnoloxías de información e comunicacións axeitadas que permitisen a posta en marcha de servizos públicos electrónicos.
- **Empregado público na e-Administración:** Era preciso fomentar unha nova cultura e uns novos hábitos de traballo, así como desenvolver solucións que mellorasen o traballo interno e buscasen a implicación do funcionario cara aos servizos desta nova Administración.
- **A e-Administración ao servizo do cidadán e ás empresas:** Buscábase dispor de servizos públicos dixitais que permitisen un trato personalizado e próximo á cidadanía, configurando así unha Administración máis accesible e xerando maior satisfacción nos seus usuarios.

eXunta foi o plan director nos últimos tres anos e medio de goberno, servindo de guía para o desenvolvemento da e-Administración na Xunta de Galicia. Cara ao próximo período, procederase a unha revisión deste para adaptalo ao novo contexto e necesidades.



## **Servizo de Atención 012**

A Xunta de Galicia puxo en marcha un Servizo de Atención áxil, integrado e multicanle que permite dar resposta inmediata a solicitudes de información e peticións da cidadanía. O 012 atendeu no ano 2008 máis de 110.000 solicitudes polas diferentes canles –teléfono, e-mail e web-, das que 15.000 foron só no mes de decembro, e espérase recibir ao longo de 2009 preto de 150.000.

Este servizo foi deseñado cunha alta escalabilidade, de xeito que poida atender ás futuras necesidades que xurdan. Actualmente trabállase na promoción do uso das súas diferentes canles como as alertas por sms, o correo electrónico ou a integración de información especializada que actualmente amosa un alto grao de dispersión.

O alto nivel de dispoñibilidade do servizo (superior ao 97%), o trato dispensado, a rapidez e a calidade da información achegada supón, segundo procesos de avaliación externa, unha puntuación de 7,8 sobre 10 por parte dos usuarios e usuarias.

## **Administración electrónica**

Hai catro anos Galicia non contaba coa organización dos recursos nin coa solución tecnolóxica que permitise acadar os obxectivos presentados polo plan eXunta. Así, a través da rede achegábase información pero non se dispuña, en termos xerais, dunha relación electrónica bidireccional coa cidadanía, segundo a cualificación do programa eEurope da Unión Europea.

Hoxe están rematados os traballos de posta en marcha dunha nova plataforma orientada a servizos (SOA) denominada eTrámite que, baseada na achega de valor á cidadanía e a todos os departamentos da Xunta, facilitará o acceso á Administración electrónica, axilizará a tramitación de procedementos e, en xeral, contribuirá na mellora da calidade dos servizos públicos.

Logo da adaptación organizativa, o desenvolvemento técnico da nova plataforma eTrámite foi realizado nun curto espazo de tempo (apenas 15 meses) en comparanza con proxectos de similar dimensión e dificultade. Os traballos para a posta en marcha non foron só tecnolóxicos, senón tamén de coordinación e de desenvolvemento normativo: formalizáronse acordos con outras administracións e desenvolvéronse solucións tecnolóxicas, ás veces baseadas nos ditos acordos.

eTrámite ofrece solucións (servizos telemáticos) aos diferentes departamentos da Xunta. Estes servizos (inicio de expediente, identificación, asinado, DNI, xestión de formularios, tramitación, control do proceso, arquivo, integración, interoperabilidade entre sistemas e outras administracións, auditoría, Seguridade Social, Correos, Ministerios, selaxe de tempo, etc.) poden ser utilizados polos departamentos da



Xunta e outras administracións para, combinados axeitadamente a través de eTrámite, poñer en marcha novas aplicacións informáticas.

A Consellería de Presidencia garante o mantemento e evolución deste conxunto de servizos comúns, así como a posta en produción de novas solucións electrónicas. O uso intensivo da nova plataforma eTrámite permitirá á Xunta a posta en produción de servizos electrónicos nun curto tempo e a un custo reducido. Desde o punto de vista interno, eTrámite suporá a xeneralización do documento e do expediente electrónico na actividade diaria.

### **O portal web da Xunta de Galicia**

No mesmo ano da toma de posesión do novo goberno a Xunta de Galicia mudou totalmente o seu portal web. O novo portal non só incorporou moitos servizos anteriormente espallados e un novo deseño, senón tamén unha filosofía de servizo e atención ao cidadán. Na actualidade, a web corporativa é unha fonte de información adaptada á rede e accesible mediante calquera navegador de Internet.

O portal terá na próxima lexislatura unha nova e importante evolución aliñada co espallamento da plataforma eTrámite entre os departamentos da Xunta de Galicia. Incorporará servizos de valor engadido para que cidadáns, empresas e colectivos poidan desenvolver a súa relación cotiá coa Administración dun xeito máis fácil e cómodo.

### **Seguridade dos sistemas de información**

A Xunta, consciente da importancia da seguridade dos sistemas de información, aprobou o pasado ano o Decreto 230/2008, do 18 de setembro, de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Xunta de Galicia. A través del créase, entre outros aspectos, o Comité de Seguridade Informática -do que forman parte todas as consellerías- co obxectivo de elaborar e executar unha política de seguridade común no acceso aos sistemas de información corporativos.

Así mesmo, a Consellería de Presidencia elaborou un Plan Estratéxico de Seguridade Informática que establece obxectivos, actuacións e que está sendo analizado polo Comité de Seguridade como paso previo á súa aprobación. Ademais, desenvolveuse unha completa solución de filtraxe de contidos que ten mellorado enormemente a seguridade no intercambio do correo electrónico. Actualmente estanse a filtrar máis de 600.000 correos ao día (o 90% do total de correos entrantes) e, en breve, procederase a limpar o correo saínte.

A Xunta tamén puxo en marcha o primeiro Centro de Respaldo Corporativo dispoñible para a súa utilización por todos os seus departamentos, que permitirá a recuperación dos datos alí almacenados se fosen destruídos no centro de proceso principal.



### **Sistema de Calidade na Xestión: O Plan Mellora**

Doutra banda, o Consello aprobou o Decreto 235/2008, do 18 de setembro, polo que se regula o Sistema de Calidade de Xestión da Xunta de Galicia (Plan Mellora), que comprende distintas accións de mellora nas que se implicarán progresivamente todos os centros directivos.

O Sistema de Calidade na Xestión reconece diferentes accións para a mellora entre as que se regulan a avaliación e o establecemento de plans de mellora, as cartas de servizo, a planificación, os cadros de mando, a xestión por procesos, as boas prácticas e as suxestións dos traballadores:

- Púxose en marcha un modelo de avaliación que permite aos centros directivos desenvolver plans de mellora e coñecer o estado da súa organización.
- Aprobouse o manual de identidade gráfica corporativa das cartas de servizo na Xunta de Galicia.
- Estableceuse un mecanismo de evolución dos indicadores de xestión que permita establecer unha dirección por obxectivos a través de cadros de mando alineada cos obxectivos da organización, tanto económicos como do ámbito sectorial de que se trate.
- Deseñouse unha metodoloxía e ferramentas de apoio para promover a planificación de actuacións na actividade da administración.
- Púxose a disposición da organización unha sistemática de identificación de procesos, de revisión da actividade destes e de planificación da súa mellora continua.
- Estableceuse unha sistemática para a identificación de boas prácticas, tanto no ámbito funcional como no ámbito tecnolóxico.
- Abriuse unha canle para a presentación de suxestións por parte dos traballadores.

Actualmente téñense iniciado 24 proxectos de mellora nos que están implicados o 20% dos centros directivos. A Consellería de Presidencia, encargada de prestar o apoio e soporte ao desenvolvemento do Plan, está a publicar guías metodolóxicas sobre as sistemáticas desenvolvidas, desenvolve aplicacións e portal web, impulsa e facilita formación, proporciona asesoramento ou desenvolve auditorías. O obxectivo é favorecer a implantación e expansión de calquera actividade de mellora da xestión dos servizos públicos.

A consecuencia do cambio iniciado co plan eXunta publicouse o Decreto 255/2008 polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos. Este texto establece tres modificacións principais:

- Reduciuse de xeito importante a documentación que os galegos tiñan que presentar para tramitar as súas solicitudes.





- Púxose en marcha o portelo 24x7, onde a Xunta de Galicia estará permanentemente aberta para facilitar a relación coa cidadanía.
- Moitos documentos da Xunta de Galicia xa son asinados e tramitados electronicamente.

### **Rede de datos da Xunta**

As necesidades de capacidade e dispoñibilidade da rede por parte dos usuarios medraron de forma sobresaínte nos últimos anos debido ao maior número de servizos en liña e as novas funcionalidades implantadas nos servizos existentes. Así, o mantemento e a evolución desta infraestrutura é unha actividade estratéxica e prioritaria para a Xunta.

As melloras nas telecomunicacións foron continuas, téndose na rede troncal un incremento na capacidade de acceso do 5000% desde o 2005 (de 400 Mbps aos 20 Gbps actuais). Do mesmo xeito, no acceso a Internet acadouse un crecemento do 2000% no mesmo período (pasando de 50 Mbps a o 1Gbps actual), o que esta a permitir dar resposta as crecentes demandas de servizo dos diferentes departamentos.

Así mesmo, o crecemento da rede de comunicacións corporativa da Xunta leva parello o incremento das necesidades de soporte provocando meirandes necesidades de monitorización, auditoría, configuración, desenvolvemento de proxectos, etc. Toda a actividade vai encamiñada a dispoñer da información necesaria para a detección e resolución de avarías, identificación de carencias ou a optimización do servizo; e todas as actividades e servizos están certificadas pola norma ISO 9000.

Actualmente existen máis de 100.000 usuarios de servizos da rede corporativa repartidos nun conxunto de 3.400 centros de traballo que cobren a actividade da Xunta, das súas institucións e da Administración local galega. Galicia, que no ano 2005, era a única Comunidade Autónoma que non estaba conectada á rede interadministrativa do Estado (SARA), no ano 2008 é, segundo o Ministerio de Administracións Públicas, a primeira Comunidade Autónoma en ter conectados a todos os seus concellos coa dita rede.

Ademais, o esforzo da Xunta no despregamento da rede de comunicacións corporativa está a permitir estender a banda ampla a centros públicos -concellos, colexios, etc- onde, ata o momento actual, non existía acceso a Internet.

Polo que se refire ao Centro de Proceso de Datos (CPD) corporativo, este conta na actualidade cunha demanda de servizos crecente, xa que as necesidades de aloxamento, almacenamento, respaldo e seguridade nos sistemas foron medrando nos últimos anos. A través del, a Consellería de Presidencia dá resposta a estas



necesidades, liberando así de tarefas recursivas e repetitivas a outros departamentos de forma que estes podan centrarse no desenvolvemento das súas competencias e na mellora dos servizos públicos.

Dado que a capacidade e nivel tecnolóxico do CPD corporativo era tremendamente deficiente, nos últimos anos os esforzos foron orientados a establecer un proceso racional e progresivo de crecemento conforme os requirimentos do plan eXunta, mantendo ao máximo posible o nivel de servizo esixido polos usuarios sen menoscabo de situacións puntuais de baixa dispoñibilidade. Este esforzo amósase a través dos datos de crecemento, entre os que destacan o crecemento experimentado polo almacenamento, do 1000% desde o 2005 (de 7,5 TB aos 76 TB actuais), ou o incremento do 580% das máquinas xestionadas no mesmo período (de 40 servidores aos 233 actuais).

#### **Observatorio da Calidade e da eAdministración.**

Por último, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Observatorio da Calidade e da Administración Electrónica de Galicia, que empezou a prestar servizo en xaneiro de 2007. Con el quérense dotar as Administracións públicas galegas dunha ferramenta de apoio para orientar as súas actuacións de mellora da calidade dos servizos públicos.

O Observatorio ten coma obxectivo facer un seguimento continuado da calidade na xestión pública e dos servizos da eAdministración para orientar as actuacións de mellora dos servizos públicos. Utiliza para a divulgación das súas informacións un sitio web propio ([www.oceobservatorio.eu](http://www.oceobservatorio.eu)) que inclúe seccións de estatísticas e indicadores, documentos, noticias, eventos, enlaces e informacións específicas do ámbito da calidade e a Administración electrónica. Tamén edita un boletín electrónico semanal.

Para garantir a obxectividade e multidisciplinariedade do Observatorio participan nos seus órganos representantes das universidades, do ámbito local, da sociedade da información, do Instituto Galego de Estatística e persoas de recoñecido prestixio, entre outros.



## **AXENTES DE GARDACOSTAS DETECTARON EN 2008 UN TOTAL DE 3.435 POSIBLES INFRACCIÓNS, PRETO DE 500 MÁIS QUE O ANO ANTERIOR**

- *O Servizo, dependente da Consellería de Pesca, realizou o exercicio pasado 16.757 actuacións de inspección, comisou preto de 64.000 quilogramos de diferentes especies pesqueiras e marisqueiras e incautaron máis de 16.270 bens e medios*
- *Así mesmo, levaron a cabo 5.048 controis en establecementos e transportes de produtos pesqueiros e marisqueiros por estrada*

O Servizo de Gardacostas de Galicia, dependente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, realizou o ano pasado un total de 16.757 actuacións de inspección a través dos seus medios marítimos, terrestres e aéreos, segundo coñeceu hoxe o Consello da Xunta. Do total das actas de inspección levantadas polos axentes de Gardacostas, 3.435 constituíronse en presuntas infraccións, o que implicou a apertura do correspondente expediente sancionador por parte da delegación territorial competente. Destas cifras despréndese que, se ben os controis se mantiveron en cifras similares ao 2007, as posibles irregularidades detectadas incrementáronse en preto de 500.

Unha parte importante das inspeccións realizouse en establecementos e transportes de produtos pesqueiros e marisqueiros por estrada, que sumaron en total de 5.048 controis. No entanto, tamén se levou a cabo un número significativo de actuacións no mar, nas lonxas, nos portos, nas praias e en instalacións de cultivos mariños da nosa comunidade, entre outros lugares.

Nestas accións os axentes de Gardacostas comisaron, ao longo do pasado exercicio, preto de 64.000 quilogramos de diferentes especies pesqueiras e marisqueiras. En concreto, capturaron case 33.000 quilos de peixe, 18.144,7 quilos de bivalvos, 7.793,6 quilogramos de crustáceos, 3.452,4 quilos de cefalópodos e 1.583 quilogramos de equinodermos. Se comparamos estas cifras cos 23.548 quilos de peixes e mariscos interceptados en 2007, temos que o ano pasado case se triplicaron os decomisos de especies pesqueiras e marisqueiras na nosa comunidade autónoma.

Así mesmo, o Servizo de Gardacostas incautouse de 16.274 bens e medios, dos que 11.597 foron nasas e 2.384 aparellos de enmalle. A estes hai que engadir 58 aparellos de anzol, 50 equipamentos de mergullo, 96 medios (vehículos e embarcacións, fundamentalmente), 167 artes de marisqueo e 1.922 unidades de outros útiles ou artes. Estes datos tamén representan un incremento importante en relación a 2007, cando os axentes do departamento dependente de Pesca se fixeron con case 13.000 unidades de bens e medios.



### **Inspeccións a cerco e arrastre e na ría do Burgo**

O persoal de Gardacostas realizou tamén en 2008 un total de 632 inspeccións a embarcacións pesqueiras de cerco, das que 40 se constituíron en presuntas infraccións. No caso da frota de arrastre, o número de controis foi de 309, mentres que as actas e a presunta infracción ascenderon a 45.

No que respecta á ría do Burgo, o traballo realizado polos axentes do departamento de Pesca, en colaboración coas forzas e corpos de seguridade e os vixilantes da Confraría de Pescadores da Coruña, deu como resultado un total de 561 actuacións durante o ano pasado, das que 248 se converteron en actas de presunta infracción.

Ademais, levaron a cabo a expulsión de 2.315 persoas que pretendían capturar marisco de forma ilegal na ría do Burgo e comisaron preto de 300 quilogramos de bivalvos, ao tempo que capturaron 63 bens e medios.

Por outra banda, dentro do Programa de Control Integral de Actividades Pesqueiras (Paciap), que ten como obxectivo o control e seguimento do transporte de produtos do mar por estrada, os axentes de Pesca xunto coa Garda Civil, o Seprona e a agrupación de Tráfico, inspeccionaron durante 2008 un total de 627 vehículos. Como resultado destas actuacións, levantáronse 69 actas de presunta infracción e comisáronse 635 quilogramos de peixe e marisco.

### **Unidades operativas**

O Servizo de Gardacostas de Galicia conta con nove unidades operativas distribuídas ao longo de todo o litoral galego. Destas, a de Celeiro, levou a cabo o ano pasado 2.346 inspeccións das que 234 se constituíron en presuntas infraccións. No caso da de Ferrol, levantou 683 actas de control, contabilizando 132 irregularidades, mentres que a da Coruña realizou en 2008 un total de 1.914 inspeccións, das que 792 se consideraron posibles infraccións.

Pola súa banda, a unidade operativa de Muxía levou a cabo 634 actuacións de control, das que 348 se constituíron en presuntas infraccións; a de Portosín levantou 508 actas de inspección, das que 155 foron posibles irregularidades; e a de Ribeira abriu 1.548 actas de inspección, das que 422 foron presuntas infraccións.

Xa por último, a unidade operativa de Vilaxoán levou a cabo 1.780 actuacións de control, das que 148 se constituíron en presuntas infraccións; a de Pontevedra levantou 480 actas de inspección, das que 106 foron posibles irregularidades; e a de Vigo abriu 4.279 actas de inspección, das que 353 foron presuntas infraccións.

O persoal do Servizo de Gardacostas, ademais de realizar labores de salvamento e loita contra a contaminación, desenvolve habitualmente accións de inspección



pesqueira a través das nove unidades operativas. Nesta tarefa tamén interveñen os helicópteros da Consellería -o Pesca 1, con base en Vigo, e o Pesca 2, con base en Celeiro- que realizan inspeccións aéreas, así como os buques de apoio e itinerantes "Sebastián de Ocampo", "Irmáns García Nodal" e "IP700 Paio Gómez Chariño".

O traballo constante destes profesionais na súa tarefa de defender os intereses dos pescadores e mariscadores galegos permitiu incrementar, ao longo dos tres últimos anos, as actuacións de inspeccións levadas a cabo na nosa comunidade autónoma. Deste xeito, dáse cumprimento ao obxectivo do Goberno galego de velar polos intereses dos nosos profesionais do mar.